



Entidade de contratación:	Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia				
Órgano de contratación:	Órgano de contratación Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia				1
Denominación do expediente:	Servizo especial portuario de practicaxe no porto de Ribadeo				
Ref. Expediente:	PRG-2022-0003	Harmonizado:	Non	Lotes:	Non
Procedemento:	Servizo especial-licencia	Tipo contrato:	Servizos Único criterio	Prórroga:	Si
Tipo tramitación:	Ordinaria	Criterios:	prezo	Plurianual:	Si
CPV:	63726500-9 Servizos náuticos de prácticaxe				
Importe orzamento:	<b>281.022,5</b> € (con IVE)				

## RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN E OUTORGAMENTO DE LICENCIA DE PRACTICAXE NO PORTO DE RIBADEO-LUGO.

O Consello Reitor da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, en sesión ordinaria do 22 de decembro de 2021, de conformidade coas previsións contidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, á vista da correspondente proposta, acordou aprobar o prego de prescricións particulares do servizo portuario de practicaxe no porto de Ribadeo.

Prego que posteriormente é obxecto de impugnación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, PO 4287/2020, no marco do cal non consta ningunha medida cautelar da súa eficacia e execución.

Por RESOLUCIÓN da presidenta de Portos de Galicia do 12 de xaneiro de 2022 faise publico o prego de prescricións particulares do servizo portuario de practicaxe no porto de Ribadeo, así como o seu acordo de aprobación. Publicado no DOG número 46 de martes 8 de marzo de 2022.

Mediante Resolución do 1 de xullo de 2022 publícase a convocatoria para o outorgamento dunha única licenza de prestación do servizo especial de practicaxe do porto de Ribadeo, conforme o artigo 116 da Lei 6/2017, do 12 de decembro. Publicada no DOG número 151 de martes 26 de xullo de 2022

Por RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2022 faise pública unha nova convocatoria para o outorgamento dunha única licenza de prestación do servizo especial de practicaxe do porto de Ribadeo, conforme o artigo 116 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia publicada no DOG 180 de mércores 21 de setembro de 2022

O 18 de novembro de 2022, e unha vez rematado o prazo de presentación das proposicións, procedeuse, por parte dos membros da Comisión nomeada para este procedemento, á apertura, en acto privado, das ofertas presentadas a través da plataforma de licitación electrónica SILEX,



consistentes nun sobre único, referente á documentación administrativa, técnica e económica das empresas participantes no mencionado procedemento.

En relación ao prazo de depósito de ofertas, este remataba o día 21 de outubro de 2022 e, á vista do disposto no certificado relativo ao rexistro de ofertas presentadas a través SILEX, unicamente consta o depósito, dentro do prazo concedido para o efecto, da oferta presentada pola empresa RIBADEO PILOTS, S.L.P.

Procédese en data 14,12,2022 a apertura do sobre único correspondente á devandita empresa, levándose a cabo polos membros da Comisión o exame da documentación achegada no dito sobre, constatándose desa comprobación que a oferta presentada pola empresa RIBADEO PILOTS, S.L.P. aporta correctamente toda a documentación administrativa requirida nos Pregos que rexen a presente contratación, polo que procede acordar a súa admisión en relación ao procedemento de *outorgamento dunha única licenza de prestación do servizo especial de practicaxe do porto de Ribadeo*

Seguidamente, os membros da Comisión proceden á apertura da oferta técnica aportada pola referida empresa, e acordan solicitar aclaración sobre o equipo contemplado no punto 2.3 do Prego de Bases, requiríndolle que aporten os certificados do equipo conformados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través, no seu caso da Capitanía Marítima competente.

O 16.12.2022 recíbese a través do rexistro de Portos de Galicia, diversa documentación remitida por RIBADEO PILOTS S.L.P. toda a documentación achegada considérase presentada en tempo e forma.

En data 3 de xaneiro de 2023 réunese a Comisión para comprobar a documentación emendada comprobando que toda ela está correcta.

Visto o exposto nos parágrafos anteriores e cumpridos os requisitos previstos no artigo 159 da Lei de Contratos do Sector Público e sobre a base da Proposta de adxudicación formulada o 3.01.2023 pola Comisión designada, en virtude das facultades conferidas polo artigo 12.3.g) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, a Presidenta desta Entidade pública empresarial,

## RESOLVE:

**Primeiro.-** Adxudicar e acordar o Outorgamento dunha única licenza de prestación do servizo especial de practicaxe do porto de Ribadeo, a Ribadeo Pilots S.L.P., N.I.F. B27491513 por ser a única oferta presentada e admitida, cumprir esta con todos os requisitos esixidos nos Pregos s que rexen o presente procedemento licencia para a prestación do servizo portuario de practicaxe de buques no porto de Ribadeo-Lugo, baixo o réxime da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, no que resulte de aplicación do texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante, con suxeición ao vixente prego de prescricións particulares do servizo portuario de practicaxe no porto de Ribadeo aprobado polo Consello Reitor da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, en sesión ordinaria do 22 de decembro de 2021, de conformidade coas previsións contidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, así como con suxeición á oferta vinculante presentada por Ribadeo Pilots S.L.P e as bases da convocatoria pública, acto preparatorio do outorgamento desta licencia.

**Segundo.-** Tarifas da Licencia.





Tarifas oferta Ribadeo Pilots, S.L.P.					
Buques	Practicaxe	Movemento	Amarre	Recargas	
De 0 a 1500	244,00 €	244,00 €	227,00 €	Sábados	40,00%
De 1500 a 2500	315,00 €	296,00 €	261,00 €	Domingos	50,00%
De 2500 a 3500	374,00 €	335,00 €	308,00 €	Nocturnos	40,00%
De 3500 a 5000	397,00 €	383,00 €	348,00 €		
Más de 1000	53,00 €	53,00 €	32,00 €		

**Terceiro.-** Compensación máxima do servizo.

Conforme ao ANEXO IV.- COMPENSACION MÁXIMA DEL SERVICIO do Prego de Condicións reitor desta licencia, a compensación máxima para equilibrar o servizo recollido no dito Prego será de: 90.081 €/ANO. A compensación calcularase coa referencia do previsto estimado do contrato (232.250,00 €/ano) co obxecto de garantir como ingresos mínimos os custos estimados.

**Cuarto.-** Prazo da licencia.

Prazo de 10 anos non sobrepasando en ningún caso los 11,25 años indicados en la ley, por estar limitada a concurrencia a un único prestador ou corporación.

**Quinto.-** Efectos da licencia.

Efectos a partir do día 24 de marzo de 2023

**Sexto.-** Réxime de Recursos:

Contra esta resolución poderá interporse, con carácter potestativo, recurso de reposición:

Denominación	Recurso de reposición.
Disposicións normativas	Artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
Órgano competente	Presidencia de Portos de Galicia.
Prazo	1 mes, a contar, a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado.

Tamén se poderá impugnar esta resolución, directamente, mediante a interposición do recurso contencioso-administrativo:

Denominación	Recurso contencioso-administrativo.
Disposicións normativas	Artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
Órgano competente	Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela.





Prazo	2 meses, a contar, a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación ou publicación do acto impugnado.
-------	---

Notifíquese a presente Resolución ao interesado, á Administración Xeral do Estado-Dirección Xeral da Mariña Mercante-Capitanías Marítimas e publíquese esta no Perfil de Contratante da Entidade pública empresarial Portos de Galicia e no Diario Oficial de Galicia.

A Presidenta.

